



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Palas de Rei I, 2, Moredo, José 65 anos, Julia 48(muller)

I,2,170.

95) A miña muller e miña,
Ela: ela é miña muller,
/: así que se pon o sol :/
ela é de quen a quer.

VI 14248

- P. -

Julia

175.

- ~~1) É~~ ^{miña} rapaza ben feita
Ela: ténocho o ollo botado
~~que~~ ^{ti} has de ser miña muller-e
ou eu non hei ser casado.
- ~~2) Todo~~ pode ser verdá
Ela: pero póñocho en duda
porque ti tés moitas mozas
e non casas non ninghuna.
- 2) Moitas mozas non che teño,
El: solo teño catro ou cinco
pero por ti miña nena
todas as deixo en olvido.
- ~~3) Pois~~ non olvides ninghuna
Ela: porque non che paga a pena
porque eu non che trato mozos
que teñen tanta fachenda.
- 3) Non te faghas tan soberbia
El: porque che pode pesar,
outras fixeron o mesmo
e quedaron sin casar.
- ~~4) Eu~~ soberbia non che son
Ela: pero díghocho de verdá
con cinco mozas que tés
ben che deben de chegar.
- 4) Casas mozas que che teño
El: son por rir e pasar tempo
pero contigho quería
tratar o meu casamento.
- ~~5) Pois~~ se te queres casar
Ela: o tempo vaiche cheghando
e tés ben dond'escoller
porque tés bon arrabaño.

(=I, 2, 27) I 58a
V 65
V 87



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Palas de Rei I, 2, Moredo, José 65 anos, Julia 48 (muller)

- P.-

I,2,

65) Tés cinco mozas na aldea
e sete fillas pequenas,
vainas abrazar a todas
e non me tomes o pelo.

6) O mozo todo torcido
foi decindo p^o lugar
"Esta sab'a miña vida
xa non a podo enghañar."